

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A AXENCIA GALEGA DA
CALIDADE ALIMENTARIA PARA A SUPERVISIÓN DO ORGANISMO DE CONTROL DA DOP
MEXILLÓN DE GALICIA/MEJILLÓN DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2020, na sede da Consellería do Mar,

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Mercedes Rodríguez Moreda, en calidade de directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, por delegación da conselleira, en virtude das facultades delegadas que lle confire a ORDE do 8 de setembro de 2017, da mesma consellería, publicada no DOG núm. 180, do 21 de setembro.

Doutra banda, Manuel Rodríguez Vázquez, en calidade de director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), en virtude das facultades que lle confire o DECRETO 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, publicado no DOG núm. 102, de 30 de maio, que actúa por delegación do presidente da Agacal, Resolución do 24 de abril de 2013 de delegación de competencias da Presidencia na persoa titular da Dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, DOG núm. 85 do 3 de maio de 2013.

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

O Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello de 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizadas para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios, establece a obriga de implantar un sistema de

controis oficiais integrados ao longo de toda a cadea alimentaria. Dita norma fai mención expresa ás medidas específicas para verificar o cumprimento, por parte dos operadores, dos requisitos que conteñen os correspondentes regulamentos comunitarios para a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios.

SEGUNDO:

En correspondencia co anterior, o artigo 37 do Regulamento (UE) N° 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios, establece que as autoridades competentes deben realizar controis oficiais, antes da posta no mercado destes produtos, definidos como “verificación do cumprimento do prego de condicións”, ou delegar determinadas tarefas de control oficial en organismos de control independentes acreditados conforme á norma UNE-EN ISO/IEC 17065:2012.

TERCEIRO:

O prego de condicións da denominación de orixe protexida “Mejillón de Galicia” / “Mexillón de Galicia”, está inscrito no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas e de Indicacións Xeográficas Protexidas mediante o Regulamento (CE) 1050/2007 da Comisión, do 12 de setembro de 2007 (DOUE 13.09.2007).

CUARTO:

A autoridade competente na Comunidade Autónoma de Galicia para o control da DOP Mexillón de Galicia antes da súa comercialización é a Consellería do Mar. A Consellería do Mar ten delegada a verificación do cumprimento do prego de condicións no organismo de control Bureau Veritas Iberia, SL (data de delegación 15.10.2012), acreditado pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) para a certificación de produto en base á norma UNE-EN ISO/IEC 17065:2012 (acreditación n° 18/C PR011) para a DOP Mexillón de Galicia/Mejillón de Galicia.

QUINTO:

O DECRETO 52/2018, do 5 de abril, crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e establece no artigo 4 a condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Correspóndelle á Axencia, segundo o seu artigo 9, o desenvolvemento das seguintes funcións en materia de calidade alimentaria:

a) Realizar actuacións de control e certificación dos produtos acollidos ás denominacións xeográficas de calidade e, en xeral, ás distintas figuras de protección da calidade alimentaria do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia ás cales fai referencia o título III da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, ou calquera outra de interese xeral para a Comunidade Autónoma que se lle encargue.

[...]

g) Actuar como auditor externo dos consellos reguladores e demais entidades xestoras de figuras de calidade dos produtos alimentarios aos cales se refire o artigo 3 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, para os efectos do control oficial da cadea alimentaria en relación cos programas vinculados á calidade diferencial que establece a normativa específica, e actuar como órgano de control das distintas entidades de certificación de produtos alimentarios que operen na Comunidade Autónoma de Galicia.

[...]

i) Realizar os encargos que, no ámbito das súas competencias en materia de calidade alimentaria, lle efectúe a Administración xeral da Comunidade Autónoma.

SEXTO:

A autoridade competente realizará supervisións dos organismos de control nos que se teñan delegado tarefas de control, en virtude do artigo 33 do Regulamento (UE) 2017/625, para verificar o cumprimento dos obxectivos especificados no programa de control, e de maneira máis específica, nos procedementos documentados establecidos para esta figura de calidade.

Durante o período de vixencia do Plan Nacional de Control da Cadea Alimentaria, deberase realizar a supervisión ao menos unha vez a cada unha das figuras de calidade. Estas supervisións deberán cubrir control documental de, polo menos, a raíz cadrada do universo da figura de calidade, e un control *in situ*, polo menos unha vez por cada tipo de operador para o que se impoñan requisitos no prego de condicións.

As verificacións poderán ser:

- Documentais: realizadas sobre todo tipo de documentos en formato papel ou electrónico relacionado co control oficial, actas, informes, procedementos, etc.
- *In situ*: realizada sobre o terreo, acompañando ao inspector e seguindo o mesmo proceso de inspección que este realice.

Tendo en conta estes antecedentes, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a Consellería do Mar asinan este acordo para a realización destes traballos.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO ACORDO

O obxecto do presente acordo é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria para a supervisión do organismo de control da DOP Mexillón de Galicia/ Mejillón de Galicia en función do establecido no Regulamento(UE) 2017/625, para verificar o cumprimento dos obxectivos especificados no programa de control, e de maneira máis específica, nos procedementos documentados establecidos para esta figura de calidade.

SEGUNDA.- ALCANCE DO ACORDO E DURACIÓN

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria, tendo en conta o que establece o Programa nacional de control oficial da calidade diferenciada vinculada a unha orixe xeográfica e

especialidades tradicionais garantidas antes da súa comercialización, realizará os traballos de supervisión do organismo de certificación. En concreto verifica si os controis oficiais:

1. se aplican dun xeito efectivo,
2. son axeitados para acadar os obxectivos especificados no programa de control,
3. e si se corresponden aos plans previstos.

O acordo terá unha duración de catro (4) anos, a contar dende a data da súa sinatura. Este acordo poderá ser prorrogado, por un período igual ou inferior tralo acordo das partes.

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria emitirá un informe anual referido á actividade de supervisión do organismo de certificación. Os informes anuais enviaranse á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Do mesmo xeito, e tendo en conta as directrices dos órganos coordinadores do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para o Informe Anual que se remite á Comisión, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria elaborará o informe de resultados anual relativo á Comunidade Autónoma de Galicia sobre os controis da calidade diferenciada vinculada a unha orixe xeográfica e especialidades tradicionais garantidas, antes da súa comercialización, que deberá incluír os datos correspondentes á DOP Mexillón de Galicia/Mejillón de Galicia previamente trasladados á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

No caso de que os asinantes o estimen preciso, poderase recorrer á contratación de recursos externos á Axencia Galega da Calidade Alimentaria. Neste caso será a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar a que faga fronte ós pagos dos traballos de auditoría de campo e verificación de evidencias que sexan acordados para a realización dos traballos de supervisión.

TERCEIRA.- RESPONSABILIDADES DAS PARTES

1. Corresponde a Axencia Galega da Calidade Alimentaria:

- Informar obxectiva e independentemente sobre as actuacións dos controis oficiais suxeitos ao control regulamentario do Regulamento (UE) 2017/625.
- Diagnosticar aqueles aspectos que non funcionen axeitadamente e as súas causas.
- Facer as suxestións encamiñadas a mellorar o funcionamento dos aspectos auditados. Isto non supón, de ningún xeito, elaborar un plan de acción coas medidas correctoras ou preventivas para corrixir non conformidades.
- No caso de ter que contratar recursos externos, determinar as verificacións de campo e procura de evidencias que se precisen.

As actividades da Axencia Galega da Calidade Alimentaria lévanse a cabo seguindo o establecido no seu Manual de Calidade e as súas programacións anuais de auditorías.

2. Corresponde ao organismo de certificación auditado:

- Facilitar e poñer a disposición dos auditores todos os documentos que precisen.
- Responsabilizarse das actividades inspeccionadas/auditadas.
- Dar resposta as non conformidades detectadas no informe de auditoría.
- Implantar as medidas correctoras aceptadas pola Axencia Galega da Calidade Alimentara e fixadas nos Plans de Acción que se deriven das recomendacións e conclusións contidas nos informes de inspección/auditoría emitidos.

3. Corresponde á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, ou no caso que proceda, ó seu superior xerárquico:

- Decidir as medidas a implantar derivadas das conclusións e recomendacións dos informes de auditoría/inspección e fixalos nos plans de acción.
- Impulsar o proceso de mellora continua.

CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste acordo non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo a Axencia Galega da Calidade Alimentara responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.

QUINTA.- SEGUIMENTO

Aos efectos de coidar do cumprimento de estipulado no presente acordo créase unha Comisión de Seguimento do mesmo, que estará composta pola subdirectora de Pesca e Mercados da Pesca, en representación da Consellería do Mar, e polo xefe da Área de Calidade Alimentaria por parte da Axencia Galega da Calidade Alimentara. A dita comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do acordo.

SEXTA.- RESOLUCIÓN

Serán causa de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

SÉTIMA.- CARACTER DO ACORDO

Este acordo ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio acordo e os principios xerais resultantes da citada Lei.

OITAVA.- AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que

os datos persoais que constan no acordo e máis no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Consellería do Mar

P.D. (Orde do 8.09.2017, DOG núm. 180, do 21.09.2017)

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Mercedes Rodríguez Moreda

Pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria

P.D. (Resolución do 24.04.2013, DOG núm. 85, do 03.05.2013)

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

Manuel Rodríguez Vázquez